



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

PROPOSTA DA ALCADIA

Asunto: Modificación das Bases reguladoras de axudas para a escolarización destinadas a familias con problemática socioeconómica.

No Boletín Oficial da Provincia nº 191 de 05/10/2011 publicáronse as “Bases reguladoras de axudas para a escolarización destinadas a familias con problemática socioeconómica” que establecen a normativa xeral pola que se regula dende entón a convocatoria e concesión anual deste tipo de axudas, tal e como prevé o artigo 17 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións.

Dado que este tipo de axudas está dirixido a persoas sufren unha situación de escasez de recursos económicos, a experiencia acumulada ao longo deste anos amosou que non é infrecuente que os potenciais beneficiarios destas axudas non se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais ou coa Seguridade Social.

Un dos requisitos esixidos na Lei Xeral de Subvencións para ser beneficiario de subvencións e axudas públicas é *“Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente”* (art.13.2 apartado e). Isto impedía a estas persoas poder acceder a estas axudas, o que agravaba aínda máis a súa problemática económica.

Non obstante, no artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións establécese:

“Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades en quen conorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

(...)

e) *Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente”,* precepto que se transcribe de xeito idéntico na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Deste xeito, tanto a lexislación estatal coma a autonómica permiten que, atendendo á natureza da subvención, se exceptúen ou eximan o cumprimento de algún dos requisitos esixidos legalmente para ser beneficiario de subvencións públicas, entre os que se atopa o de estar ao corrente das obrigas tributarias ou coa Seguridade Social.

En consecuencia, propónse a modificación do artigo 2 das Bases reguladoras engadindo ao final do primeiro párrafo o seguinte: *“Para ser beneficiarios destas axudas non será preciso*



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes”.

Á vista do anterior propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 2 das Bases reguladoras de axudas para a escolarización destinadas a familias con problemática socioeconómica, engadindo ao final do primeiro párrafo o seguinte: *“Para ser beneficiarios destas axudas non será preciso acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes”.*

SEGUNDO.- Dispoñe-la súa exposición ó público polo prazo de trinta días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada, publicándose o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

A Pobra do Caramiñal

O Alcalde

José Luis Piñeiro García

(documento asinado dixitalmente)